



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Con data xaneiro de 2023 redactouse o proxecto denominado "PISTA FOLGUEIRA A MOSCOSO E OUTROS (ARDEMIL)" por D. Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de Camiños, c. e p. (colexiado nº 22 992).

O Pleno Corporativo, en sesión celebrada o 26 de xaneiro de 2023, acordou participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de Concellos) "POS+ 2023", segundo bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal, incluíndo no Plan Complementario esta obra, así como aprobación do proxecto correspondente.

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 28 de abril de 2023 acordouse a aprobación do proxecto coa emenda das deficiencias detectadas no proxecto, para dar cumprimento ao informe de supervisión dos Servizos Técnicos da Deputación Provincial, non supoñendo unha modificación do acordo del Pleno do concello citado.

Mediante resolución de Alcaldía nº 103/2023, de data 13 de xullo de 2023, acordouse participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2023" aplicando a maior achega provincial asignada ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles que o Concello xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023.

Mediante Circular da Deputación Provincial de agosto do 2023, comunicouse a aprobación definitiva do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2023 (1ª Fase), no que se inclúe este proxecto, co financiamento seguinte:

Denominación da obra	Diputación Provincial de A Coruña	Ayuntamiento de Ordes	Total
PISTA FOLGUEIRA A MOSCOSO E OUTROS (ARDEMIL)	219.106,18 €	0,00 €	219.106,18 €

Con estas obras preténdese a mellora da capa de rodaxe de varios viarios municipais. metros.

Procede iniciar expediente de contratación por procedemento aberto, por ser o procedemento máis axeitado para a consecución da mellor oferta para a execución das obras, con multiplicidade de criterios de adjudicación vinculados ao obxecto do contrato, tramitación ordinaria (artigo 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 - LCSP).

Deberase incorporar ao expediente:

- Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- Certificado de existencia de crédito orzamentario.
- Informes do Secretario e do Interventor do Concello.

Ordes, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

Perante min,
O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias